

# XUVENTUDE CREA 2023

artes plásticas  
arte urbana  
banda deseñada  
cociña  
creación de videoxogos  
danza moderna  
deseño de xoias  
fotografía  
moda  
música  
novela curta  
poesía  
teatro  
videocreación







# XC23

XUVENTUDE CREA

1ª ed., 2025. Santiago de Compostela

**Edita**

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude

**Deseño**

Seteseoito deseño gráfico

**Imprime**

Gráficas Garabal, S. L.

DL: C 218-2025

# Sumario

## ARTE URBANA

MEMBROS DO XURADO	9
Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera	10
Pedro Gonzalo García	12
Jorge Riveiro Cousillas	14
Abraham Alonso Méndez	16

## ARTES PLÁSTICAS

MEMBROS DO XURADO	19
Abraham Alonso Méndez	20
Yuxara Covelo Cameselle	22
Nerea Cordeiro Cerviño	24
Iago Fontoira Araújo	26
Nerea Gundín Fraga	28

## BANDA DESEÑADA

MEMBROS DO XURADO	31
Pablo Pereira Montesdeoca	32
Adrián Jamardo Fernández	34
Brais Fierro Fuentes	36
Jorge Juan Pérez Barreiro	38

## COCIÑA

MEMBROS DO XURADO	41
Víctor Frank Calvo Estévez	42
Tania Castelo Martínez	44
Ramón Calvo Estévez	46

## CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

MEMBROS DO XURADO	49
Soraya Antelo Morales, Rita Cid Rivas, Javier Díaz Jara, Elena Figueiro Díaz, Pedro Lojo Abelleira, Claudia Meréns Nóvoa e Vanessa Parente González	50
Marta Sánchez Vázquez	52
Noemí Seoane Chouciño	52
Lucía Rodríguez Vaquero, Diego Carracedo Lamas e Jesús Caeiro Aguado	54
Ángel Formoso Caamaño	56

## DANZA MODERNA

MEMBROS DO XURADO	59
Javier Vázquez Gundín	60
Juan Rodríguez Bas e Noelia Andrés Oliveira	62
Fátima Castro González	64
Carlota Paz Álvarez e Claudia Fusté Zaragoza	66

## DESEÑO DE XOIAS

MEMBROS DO XURADO	69
Adrián Abal Martínez	70
Daniela Alonso Aburto	72
M.ª Madelen Ramos Pineda	74

## FOTOGRAFÍA

MEMBROS DO XURADO	77
Lucía Castro Álvarez	78
Iria Álvarez Liñares	80
Alejandra del Carmen Vera Echegaray	82
Naiara Ayelen Carrazza Ibáñez	84
Rodrigo Cruz Gómez	86

## MODA

MEMBROS DO XURADO	89
María Alborés Lojo	90
Julia Lameiro Hermida	92
Noemí Comesaña Comesaña	94

## MÚSICA

MEMBROS DO XURADO	97
Grupo ALANA	98
Juan Arca Figueroa	100
Estela Rodríguez Rodríguez	102
Daniel Fernández Filloy	104

## NOVELA CURTA

MEMBROS DO XURADO	107
Pedro Rodríguez Villar	108
Marcos Gómez Ramos	110
Miguel Cavadas Docampo	112

## POESÍA

### MEMBROS DO XURADO

Alba Doval Rodríguez

Natalia Lema Otero

Sara Porto Punte

## TEATRO

### MEMBROS DO XURADO

As Guapilongas

Sarabia Teatro

Teatro D'ó Carón

Erantres

115

115

116

118

120

123

123

124

126

128

130

## VIDEOCREACIÓN

### MEMBROS DO XURADO

Miguel López Rodríguez

Bruno Ramos Domínguez

Cristina Varela Ugarte

Mario Fernández Filloy

133

133

134

136

136

138

# Limiar

A mocidade galega é sinónimo de creatividade, talento e enxeño, tal e como se amosa nas distintas propostas gañadoras do programa Xuventude Crea que se recollen neste catálogo.

O Xuventude Crea é unha aposta clara da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, por impulsar e divulgar o talento da xente nova de Galicia. Un programa que lle proporciona un escaparate onde poder expresar creativamente a súa forma de ver e comprender o mundo nas distintas disciplinas que o conforman, pois a cultura emerxe de múltiples formas: dende a arte urbana, artes plásticas, banda deseñada, cociña, creación de videoxogos, danza moderna, deseño de xoias, fotografía, moda, música ou novela curta..., e en cada unha delas sobresaen as súas sorprendentes propostas.

En cada nova edición, a nosa mocidade amosa o seu compromiso coa nosa cultura e a nosa lingua a través dos seus traballos artísticos. Razón pola cal, dende o Goberno galego procuramos ofrecerlles unha plataforma que sirva de porta para a súa entrada no ámbito cultural, garantirlles o apoio para que poidan medrar creativamente e teñan a difusión e visibilidade que as súas creacións necesitan para chegar a todos e todas.

Galicia debe sentirse orgullosa da súa mocidade e do talento que emerxe en cada edición do Xuventude Crea. Eles, as mozas e mozos galegos representan o noso presente, pero tamén son parte indispensable do futuro da nosa cultura que, co seu labor, seguirá crescendo forte, diversa e con propostas de gran calidade.

**José López Campos**  
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude



# ARTE URBANA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera
<b>2º premio</b>	Pedro Gonzalo García
<b>3º premio</b>	Jorge Riveiro Cousillas
<b>Mención de honra</b>	Abraham Alonso Méndez

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Amabel González Troncoso

Silvia Rodríguez Pena (Sax)


Alba Castillo Costa

Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

### **Secretaría**

M.ª Belén Pardal García



1º PREMIO

# Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

Vigo (Pontevedra), 1995

Con esta obra tratei de representar o concepto clásico de "O mundo é teu", unha frase que fai recordar que es quen de acadar calquera cousa que desexes.

Para reflectilo da maneira máis axeitada posible, representei un galgo (animal moi característico polo seu poderío e a súa tenacidade á hora de perseguir unha recompensa) mordendo a bóla do mundo.

Compuxen a imaxe baixo a idea de cartel clásico, en forma de viñeta e cores rechamantes, mesturando a figura principal da obra (o galgo) cun estilo máis detallado.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-2018. Grao en Belas Artes

2020-Actualidade. Tatuador

*O mundo é teu*





2º PREMIO

## Pedro Gonzalo García

Vigo (Pontevedra), 2000

A miña obra conta con dous elementos principais, a cara dunha moza e unha bolboreta á que esta mira. Todo feito utilizando varios tons de tres cores: azul, laranxa, gris, que é unha paleta coa que me identifico moito e que predomina na maior parte das miñas obras. A isto sumámoslle un aspecto xeometrizado, que xera un bonito contraste coa sutileza da bolboreta e a mirada da moza.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-Actualidade. Deseño Gráfico

2023. Diversos murais e fachadas feitos

*Geometric space*





3º PREMIO

## Jorge Riveiro Cousillas

Vigo (Pontevedra), 2001

Con motivo desta nova edición de Xuventude Crea 2023, decidín facer unha obra que tivese unha mensaxe clara, que, neste caso, é o seu título. A idea da obra reside en mesturar todo tipo de formas xeométricas e cores, deixando de maneira camuflada as letras do título da obra. Esta combinación de figuras xeométricas coas letras é un reflexo da arquitectura urbana, onde predominan este tipo de formas. Ademais, quixen engadir frechas, xa que estas son o emblema por excelencia na cultura da arte urbana, ademais de proporcionarlle certo dinamismo á obra.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2023. Grao en Economía, Universidade de Vigo

*O futuro é noso*





MENCIÓN DE HONRA

# Abraham Alonso Méndez

Vigo (Pontevedra), 1993

A obra consta dun elemento principal, un floreiro agredado e erosionado polo tempo. Un floreiro que vén representar a dureza do contorno e da propia existencia, mostrándose hierático e impasivo ante esta deterioración. Unha recomposición mediante a propia experiencia, facendo das fendas e das feridas unha vantaxe visual e que, ao igual co Kintsugi, se amosa máis forte tras experiencias que neste caso son a propia vida.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra)

2020-2022. Bolseiro en Editorial Error Es Bien

2023. Tatuador en devanditos estudios

*Kintsugi e a galope*





# ARTES PLÁSTICAS

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Abraham Alonso Méndez
<b>2º premio</b>	Yuxara Covelo Cameselle
<b>3º premio</b>	Nerea Cordeiro Cerviño
<b>Mención de honra</b>	Iago Fontoira Araujo
<b>Mención de honra</b>	Nerea Gundín Fraga

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Mercedes Rozas Caeiro

Alexandra Rodríguez Rey

Pedro Miguel González Galilea

Manuel Paz Mouta

José Eduardo López Valiña

### **Secretaría**

M.ª Belén Pardal García



1º premio

# Abraham Alonso Méndez

Vigo (Pontevedra), 1993

As IA adoitan operar a partir dunha base de datos que lles proporciona información sobre estilos e técnicas artísticas, o que significa que a súa produción tende a limitarse ao que xa se creou no pasado. Polo tanto, xero unha serie de imaxes e produtos a partir de todas as imaxes que consumín na miña infancia. A infancia é o punto de partida a través do cal se xeran unha serie de obxectos visuais e físicos que percorreron un camiño comigo. Un imaxinario formado por toda esa cultura televisiva popular, que dalgún xeito permanece unida no recuncho da infancia. Obxectos que, polo mero feito de pertencer a esta citada infancia, son desprezados e desvalorizados, trasladados a unha linguaxe infantil, sendo só entretemento. Interésame atopar outros medios de comunicación baseados nestes obxectos e que experimenten con linguaxes artísticas como a escultura, a pintura ou a instalación artística. Que xoguen dalgún xeito co espazo ou ambiente onde son mostrados. A través da representación destes obxectos, tanto de xeito escultórico como pictórico, buscamos exaltar estas figuras, dándolles algo máis, un significado máis profundo. Xerar, do mesmo xeito que o faría unha IA, unha serie de imaxes resultantes de toda unha base de datos, neste caso a infancia e a memoria serán os alicerces desta base.


## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2012-2015. Grao en Enxeñería de Minas, Universidade de Vigo
- 2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2020-2022. Bolseiro na Editorial Error Es Bien, Facultade de BBAA de Pontevedra
- 2023- Actualidade. Tatuador no estudio Aliens Tattoo

 @aaabraaan

*IA 1993*





2º premio

# Yuxara Covelo Cameselle

Vigo (Pontevedra), 1993

As cestas-escultura nacen de fotos do meu propio corpo. Estas pezas non só reflicten o concepto do corpo como recipiente, senón que tamén reflicten o espazo percorrido, xa que o método de produción consiste en guiar a corda en espiral mentres se cose á espiral anterior, manipulando así o volume de cada forma. O obxectivo é conseguir mostrar unha representación física do espazo abstracto no que se producen as miñas ideas e pensamentos. Isto levoume a reflexionar que o único espazo que é verdadeiramente meu é o meu propio corpo, maleable fronte ás vivencias, recordos e situacións que contribuíron ao desenvolvemento da miña forma de ser. Un recipiente vulnerable onde depositar todas esas memorias.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2023-Actualidade. Mestrado universitario en Deseño dixital, Universidade Internacional da Rioxá

Setembro 2021. Clases particulares de inglés

Maiο 2022. Obradoiro de deseño e creación de alfombras

*Cestas corpo*





3º premio

## Nerea Cordeiro Cerviño

Bueu (Pontevedra), 1999

*Cidades tea de araña* resulta da unión entre un traballo plástico e un estudo teórico que se desenvolven ao mesmo tempo. O seu obxectivo xeral é analizar e interpretar de xeito creativo a problemática da cidade masificada dende o contexto de emerxencia ecolóxica, utilizando recursos plásticos e visuais. Unha necesidade que aparece por un acontecemento biográfico: o cambio de residencia dun medio costeiro e rural a unha gran cidade. Na materialización destas ideas utilízase o debuxo como medio e a paisaxe como xénero artístico. A imaxe da tea de araña preséntase como unha metáfora a través da que abordar diferentes cuestións. Funciona como un recurso visual e conceptual co que dar forma a todo este imaxinario, acompañando o resto dos temas presentados, a preocupación pola crise climática está presente. É importante non esquecer que a creación artística ten ética, aínda que só implique decidir o material que se vai empregar. Por iso, decidiuse que a mellor achega a esta cuestión é ter en conta estes aspectos no proceso elixido para materializar a proposta.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

En curso. Programa de doutoramento en Belas Artes, Universidade Complutense de Madrid

2022-2021. Mestrado en Investigación en Arte e Creación, Universidade Complutense de Madrid e Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2020-2021. Premio Extraordinario Fin de Grao na titulación de Belas Artes, Universidade de Vigo

 @nereacordeiro

 [www.nereacordeiro.com](http://www.nereacordeiro.com)

*Cidades tea de araña*





MENCIÓN DE HONRA

# Iago Fontoira Araújo

O Grove (Pontevedra), 1993

*Reflexos de encontro* é unha instalación na que conversan tres liñas de investigación, tres afluentes que conflúen no mesmo discurso. Atoparse a un mesmo e verse reflectido. Cada unha delas confórmase de materiais de refugallo, con memoria. Así pois, cada parte ten a súa historia que vibra en sintonía con emocións e sentimentos que compartimos. As obras sopórtanse sobre bastidores esquecidos na Facultade de Belas Artes. Asinados polos seus antigos autores representando o colectivo que lle dá vida á Universidade. Sobre o bastidor món-tase un espello, onde se pode ver o reflexo da obra, a cara oculta que se perde na bidimensionalidade e, á vez, verse a un mesmo. Deste xeito provócase que o espectador pertenza á obra nun espazo e tempo determinados, polo que é inevitable que acabe ollándose a si mesmo e, desta forma, que a obra á que pertence nese momento interactúe no máis profundo daquel que a ollar e conversen así nun diálogo sen palabras. Cada peza contén unha parte de mín. Así pois, os restos de cascallo representan a protección do fogar familiar, mais tamén o abandono e a falta de protección. As xilografías, o autodescubrimiento e a aprendizaxe entre iguais. A última peza fai alusión á fragilidade e á enfermidade.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-2018. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2019-2020. Mestrado en Dirección de Arte e Deseño, Universidade Politécnica de Cataluña, Universidade de Barcelona

2022-2023. Mestrado en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional, Universidade de Vigo

2021. Bolseiro Feuga, deseñador gráfico


2021. Deseñador gráfico, Randstad

2022. Deseñador gráfico, Fundación Universidade de Vigo

 @iagofontoira

 Iago Fontoira Araújo

*Reflexos de encontro*





MENCIÓN DE HONRA

## Nerea Gundín Fraga

Ferrol (A Coruña), 2001

Nesta peza búscase un diálogo entre o téxtil e a pintura. Utilízanse estes materiais a modo de metalinguaxe da pintura; extensións de cor, fondos ou liñas que se crean aquí dende o téxtil en relación con outros materiais de natureza artificial procedentes do bazar. Xorde así unha dicotomía entre o compracente e cotián do téxtil, e o plástico, a industria do consumo e a acumulación do artificial. Trabállase así tamén coa extracción do motivo decorativo téxtil, que fai de fío condutor nesta obra. A peza preciosista e manufacturada e corrompida e mutada polo rosa da pulverización é introducida na obra descontextualizándoa do ámbito doméstico. Así son estudados os seus padróns e formas e son ampliados e reproducidos na obra.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

*Bandeira*





# BANDA DESEÑADA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Pablo Pereira Montesdeoca
<b>2º premio</b>	Adrián Jamardo Fernández
<b>3º premio</b>	Brais Fierro Fuentes
<b>Mención de honra</b>	Jorge Juan Pérez Barreiro

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

María José Fernández Laso

Xefa territorial da Consellería de Política Social e Xuventude en Ourense

### **Vogais**

Lía Soto Rodríguez


Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

Isabell Seidel

### **Secretario**

Alejandro Río Vicente



1º premio

# Pablo Pereira Montesdeoca

Montevideo, 1997

*O misterio do faro* é unha historia autoconclusiva de 22 páxinas que conta as experiencias de Lucas, un mozo que emprende unha viaxe para traballar nun antigo faro. A través das cartas que escribe para o seu irmán, descubriremos que non todo é o que parece nese lugar. Lucas terá que lidar tanto coa soidade e a desesperación coma con perigos que non se chega nin a imaxinar. Realizada enteiramente en formato dixital, *O misterio do faro* é unha obra que trata de mesturar unha narrativa perturbadora cun estilo visual máis infantil.


## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2023. Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Gráfico

2021-2022. Debuxante no webcomic *Unmasked*

*O misterio do faro*





2º premio

# Adrián Jamardo Fernández

Caldas de Reis (Pontevedra), 1997


A obra xira ao redor da metáfora do desamparo, buscando representar as fases máis habituais polas que unha persoa pasa nunha situación difícil. Tento esaxeralo e satirizalo co uso dun elemento surrealista como é o banco flotante que, inspirado na curtametraxe *La cabina* de Antonio Mercero, me permitía condensar todo o que buscaba introducir na historia: a dificultade que ten o protagonista para tomar algún tipo de iniciativa e a frustración debido á vertixe que sofre, o edificio como a materialización das fases que atravesas, o uso dos pisos para criticar as distintas reaccións en situacións equivalentes e, sobre todo, a necesidade de apoio das persoas máis achegadas; cun pequeno apuntamento aos profesionais da saúde mental. No ámbito gráfico decanteime polo uso da tinta chinesa con pluma estilográfica e cor dixital, usando só a maxenta, seguindo a teoría psicolóxica da cor que relaciona esta coa estabilidade e o apoio mutuo; o que me permite tamén representar o abafo do protagonista coa total ausencia del. Combino isto cun estilo *cartoon* nos personaxes, que contrasta coa estética semirrealista dos fondos, mostrando personaxes flexibles e fráxiles ante un mundo aparentemente intransigente, pero que ao final se pode encher de cor.


 @hadrian\_bd

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2022. Grao superior de Psicoloxía, Universidade Nacional de Educación a Distancia
- 2021-Actualidade. Curso profesional de Banda Diseñada, O Garaxe Hermético
- 2018-2020. Técnico superior en Integración Social na Asociación Alba, Pontevedra

## Sensación de vertixe





3º premio

## Brais Fierro Fuentes

A Coruña, 1993

Esta obra trátase dunha adaptación a BD dunha entrevista realizada pola galega Sofía Casanova. Nela trato de homenaxear e poñer en valor unha figura da cultura galega, pioneira no ámbito periodístico, pois foi a primeira correspondente española no estranxeiro. Unha poetisa, novelista e xornalista que transmitiu novas a España durante unha das épocas máis escuras da historia recente e nas súas crónicas recolleu etapas como a Primeira Guerra Mundial ou a revolución rusa. É precisamente o seu encontro co ministro Lev Trotsky, un mes despois da toma de poder de Lenin, o que se condensa nestas páxinas.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-Actualidade. Traballador por conta propia na ilustración e deseño gráfico

## A entrevista

Cando fai catro días decidín en segredo ir ó Instituto Smolay unha nevarada densa e calada caía sobre San Petersburgo.




Desexaba o, por qué non confesalo, temía ir ó apartado lugar donde funcionan todas as dependencias do Goberno popular.

Como non me atreva a ir soa, nin persoa algunha houbera querido acompañarme,



Díxenlle á fiel galega, Pepa, inseparable nosa en estas penalidades, que viñese comigo, máis sen contarlle ó obxecto da nosa saída.





Mención de honra

## Jorge Juan Pérez Barreiro

Oza dos Ríos (A Coruña), 1996

*Terra Meiga* é un proxecto de Banda Diseñada no que se conta unha minihistoria sobre as lendas da Santa Compañía na Galicia medieval. Na obra, un sacerdote e un antigo cabaleiro viaxan polos camiños dos bosques galegos falando das numerosas lendas da nosa terra, ata que atopan a procesión de almas en pena e sofren as consecuencias. A finalidade deste proxecto é representar e enxalzar a nosa mitoloxía, que forma parte da nosa historia ata os nosos días, pero dunha maneira máis contemporánea, con características das grandes obras de literatura fantástica que forman parte da cultura popular de hoxe en día e cun estilo de debuxo actual, baseado no cómic americano da actualidade. En conclusión, a miña idea é revitalizar as lendas galegas, aquelas que todos coñecemos de xeración en xeración, nun formato visual atractivo para a mocidade.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015-2017. Ciclo Superior de Ilustración
- 2018-2020. Ciclo Superior de Escultura Aplicada ao Espectáculo
- 2019. Profesor de Ilustración para nenos e nenas, Distrito Arte
- 2020-2022. Diseñador e escultor, Skin Metal Surfaces
- 2022. Ilustrador no suplemento *Antolín Faraldo*, xornal de Betanzos

 @jayjayarts

 Jay Jay Arts

*Terra Meiga*





# COCIÑA

## PERSOAS PREMIADAS

**1º premio**

Víctor Frank Calvo Estévez

**2º premio**

Tania Castelo Martínez

**3º premio**

Ramón Calvo Estévez

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons


Alejandro Iglesias Vázquez

Alba Varela Diéguez

Manuel Gago Mariño

### **Secretaría**

M.<sup>a</sup> Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

## Víctor Frank Calvo Estévez

Sao Paulo (Brasil), 2000

A idea do prato é facer unha empanada "esferificada" de mariscos do mercado, a parte crocante do pan frito e a frescura do xel de limón.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023. Centro Superior de Hostalería de Galicia

*Bao de mar con mariscos do mercado e emulsión de limón*





2º premio

## Tania Castelo Martínez

Mazaricos (A Coruña), 1995


*As Filloas de treboada*, elaboradas con produtos da terra e de calidade, non deixan indiferente a ninguén. Os tons doces da cebola e da castaña, os salgados do lacón e do touciño, e o matiz afumado e a cremosidade do queixo e dos grelos mestúranse nunha increíble explosión de sabor e textura que nos leva aos días escuros e fríos, pero tamén de fogar e agarimosos do outono galego. Perfectas para un primeiro prato ou para unha cea informal, estas filloas sen glute son seguras para celíacos e deliciosas para todos, e son tamén ricas na súa vertente vexetariana: na que substituiremos o lacón por setas ou mesmo champiñóns. Porque unha das características máis importantes desta receita é a súa versatilidade, que permite o aproveitamento dos produtos que todos podemos ter na casa, nunha proposta deliciosa e diferente.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2020. Responsable de Márketing no hotel Re-lais & Châteaux
- 2021. Docente materia Relacións Públicas en Grao, Universidade de Vigo
- 2021-2022. Fundraiser – técnico de captación de fondos en Asociación Española Contra o Cancro

*Filloas de Treboada*





3º premio

## Ramón Calvo Estévez

Sao Paulo (Brasil), 2005

O meu prato está baseado nun dos principais produtos galegos, a voandeira, un marisco moi apreciado en todas as zonas da costa e a súa fusión de sabor co amorodo que, cos seus ácidos e doces melloran o seu sabor.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023-2024. Bacharelato

2023. Axudante cociña no restaurante Buena Suegra

*Carpaccio de voandeira e amorodos en textura*





# CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º premio

Soraya Antelo Morales, Rita Cid Rivas, Javier Díaz Jara, Elena Figueiro Díaz, Pedro Lojo Abelleira, Claudia Meréns Nóvoa e Vanessa Parente González

### 2º premio

Marta Sánchez Vázquez e Noemí Seoane Chouciño

### 3º premio

Lucía Rodríguez Vaquero, Diego Carracedo Lamas e Jesús Caeiro Aguado

### Mención de honra

Ángel Formoso Caamaño

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Luz Castro Pena

Antonio José Seoane Nolasco

Pablo Grandío Portabales

Félix Menéndez Naveiras

### Secretaria

M.ª Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

# Soraya Antelo Morales, Rita Cid Rivas, Javier Díaz Jara, Elena Figueiro Díaz, Pedro Lojo Abelleira, Claudia Meréns Nóvoa e Vanessa Parente González

*Umbr*a é un xogo de plataformas e quebracabezas no que o xogador controla unha pequena sombra que terá que percorrer as distintas estancias do teatro no que se atopa para descubrir o misterio da súa existencia. É un xogo para PC, que combina ambientes en 3D cunha personaxe en 2D, onde se interactúa coas luces e sombras para xerar escenarios únicos. Está realizado no motor Unreal Engine 5 e pode xogarse tanto con mando como con teclado, ademais de estar traducido ao galego, castelán e inglés.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

**Soraya Antelo Morales.** Carballo (A Coruña), 1999

2017-2020. Grao en Física

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Rita Cid Rivas.** Ferrol (A Coruña), 2002

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Javier Díaz Jara.** Lugo, 2002

2021-2023. Ciclo Superior en Son para Audiovisuais e Espectáculos

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Elena Figueiro Díaz.** Carballo Rianxo (A Coruña), 2002

2018-2020. Ciclo Superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Pedro Lojo Abelleira.** Corcubión, 2002

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Claudia Meréns Nóvoa.** Ourense, 2002

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

**Vanessa Parente González.** Pontevedra, 1997

2015-2019. Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda

2020-2024. Creación Dixital, Animación e Videoxogos


# Umbra



Marta Sánchez Vázquez



Noemí Seoane Chouciño



2º premio

# Marta Sánchez Vázquez

Arteixo (A Coruña), 2000

# Noemí Seoane Chouciño

A Coruña, 2000

*Regreso dos Titáns* é un videoxogo de acción e aventura en terceira persoa inspirado na Antiga Grecia. Aínda que deseñamos o xogo ao completo, desenvolvemos o segundo nivel do xogo. O noso obxectivo foi recrear o aspecto final do xogo, prestando atención á narrativa, interfaces, UI/UX, xogabilidade, ambientación e estética visual, para crear unha experiencia única. Nun mundo onde Cronos, líder dos titáns, volve gobernar sobre deuses e humanos, Halia, unha escrava axudada por Zeus busca descubrir a verdade. O seu deber é loitar para destruír o autoproclamado rei do mundo para evitar que retroceda no tempo facendo uso do seu control do tempo. A motivación do xogador consiste en descubrir a verdadeira identidade da protagonista, as súas habilidades, así como salvar ao mundo do poderoso Cronos, neste xogo cheo de fantasía e mitoloxía.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Marta Sánchez Vázquez

2018-2022. Grao en Comunicación Audiovisual con mención en Contidos 3D

2023-Actualidade. Mestrado en Animación 3D de Personaxes para Cine e Videoxogos, Animum Creativity Advanced School

### Noemí Seoane Chouciño

2018-2022. Grao en Comunicación Audiovisual (UDC) con mención en Contidos 3D

2022-2023. Mestrado en Game Design, UTAD


*Return of the Titans*



Lucía Rodríguez Vaquero



Diego Carracedo Lamas



Jesús Caeiro Aguado



3º premio

# Lucía Rodríguez Vaquero, Diego Carracedo Lamas e Jesús Caeiro Aguado

*Eclipse* é un videoxogo de plataformas e quebracabezas dirixido a un público xove. Nel nárnanse as aventuras de Sol e Luna, os dous pequenos protagonistas que son separados ao comezo do xogo. O xogador deberá reunilos de novo superando os diferentes niveis do videoxogo. Estes poden ser individuais, nos que cada protagonista deberá valerse da súa habilidade propia (a telecinesia con Luna e o raio de luz con Sol); e niveis conxuntos onde, aínda que os dous non se poden tocar nin interactuar entre eles, poderán axudarse para resolver os obstáculos destas zonas e así avanzar no xogo. *Eclipse* trata sobre os seres queridos e o desexo de volver velos, mesmo se estes se atopan a unha gran distancia. É por isto que busca transmitirllle sentimentos de soidade e melancolía ao xogador, sen esquecer a alegría no momento de atoparse con esa persoa especial.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Lucía Rodríguez Vaquero.** A Coruña, 2001  
2019–2023. Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos  
2022. Voluntariado en *Mundos Dixitais*, A Coruña-Staff  
2023. Animadora 2D da serie *Bechos*
- Diego Carracedo Lamas.** A Coruña, 2001  
2019–2023. Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos
- Jesús Caeiro Aguado.** Oleiros (A Coruña), 2001  
2019–2023. Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos  
2023. Curso Axudante de Producción de Animación, Mr. Cohl  
2022. Voluntariado en *Mundos Dixitais*, A Coruña-Staff  
2022. Xeralista 3D-Prácticas profesionais en Maxina

## *Eclipse*





MENCIÓN DE HONRA

# Ángel Formoso Caamaño

A Coruña, 2001

En *O fado dos aparatos* o xogador terá que ir organizando e mellorando un equipo de ferramentas co obxectivo de avanzar pouco a pouco a través dos círculos do inferno. Os xéneros principais do videoxogo son Roguelike e estratexia por quendas cunha estética de tipo píxel art. É o resultado final do proxecto que entreguei como traballo de fin de grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos. Neste proxecto aprendín desde cero Unity, entre outras ferramentas.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023. Creación Dixital, Animación e Videoxogos

2023. Prácticas externas como creador de ferramentas para Maya

[https://www.linkedin.com/  
in/ángel-formoso-caamaño-  
7a1869240/](https://www.linkedin.com/in/ángel-formoso-caamaño-7a1869240/)

## O fado dos aparatos





# DANZA MODERNA

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º premio

Javier Vázquez Gundín

### 2º premio

Juan Rodríguez Bas e Noelia Andrés Oliveira

### 3º premio compartido

Fátima Castro González

### 3º premio compartido

Carlota Paz Álvarez e Claudia Fusté Zaragoza

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Raquel González García

Armando Martín Caballero

Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruiz López

Bárbara Piñeiro Vidal

### Secretaría

María Rivas Martínez



1º premio

## Javier Vázquez Gundín

Sada (A Coruña), 2007

O reloxo avanza implacable, lembrándonos que non podemos deternos. Os nosos soños e metas entrelázanse co tempo e a miúdo sentimos que non hai suficientes horas no día. As responsabilidades, as expectativas e o constante bombardeo de información mantéñennos nun estado de ansiedade constante, coma se sempre estivésemos a perseguir un tren que se afasta sen piedade. A ansiedade, esa compañeira incansable que se converte nunha sombra que nos persegue constantemente. Cada minuto parece fuxir das nosas mans como area entre os dedos e atopámonos atrapados nun bulebule de preocupacións e abafo.


### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2023. Conservatorio Profesional de Danza,  
Deputación da Coruña

 @Javiergundin\_

*Tempus fugit*





2º PREMIO

# Juan Rodríguez Bas

Gondomar (Pontevedra), 1994

# Noelia Andrés Oliveira

Vigo (Pontevedra), 1997

A peza dialoga con dúas linguaxes que se mimetizan. Por un lado, a danza como corpo en movemento no espazo arquitectónico e, por outra banda, a plástica visual e escénica arquitectónica desenvolvida a través de padróns corporais e lineais. Existe un elemento lineal en escena que apoia o concepto e está presente ao longo de toda a peza. Martha Graham dicía que a arquitectura e a danza son os primeiros motores das creacións artísticas escénicas porque debe existir un corpo que xera movemento (danza) e un espazo onde se encontra o individuo (arquitectura). A creación parte dunha investigación científica baseada no ideario do Ballet triádico da Bauhaus creado por Oskar Schlemmer, coa limitación que crea un obxecto en relación co corpo e este é o motor creador do movemento. Tamén se toma referencia da obra *Punto e liña sobre plano* do artista plástico Kandinsky, que fixo unha contribución á análise dos elementos pictóricos. *Corpo, liña, espazo* é unha peza de danza, arte e arquitectura.

 @bas.studio

 @juan.robas

 @noeliaandresoliveira

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Juan Rodríguez Bas

Actualidade. Mestrado en Arquitectura e Urbanismo, Universidade Portucalense (Porto)

Actualidade. Grao en Escenografía

Actualidade. Alumno da escola de danza Media Punta de Vigo

Actualidade. Formación en dirección escénica e iluminación

2019-2023. Xestión Cultural no concello de Gondomar


### Noelia Andrés Oliveira

2021-2023. Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma

Actualidade. Formación de diferentes estilos de danza na escola de danza Media Punta de Vigo

*Corpo, liña, espazo*





3º PREMIO COMPARTIDO

## Fátima Castro González

A Guarda (Pontevedra), 2005

Con esta coreografía trato de relatar brevemente o transcurso da vida de Ana Frank, dende que vivía escondida na "Casa de Atrás", ata que é descuberta e levada ao campo de exterminio xunto coa súa familia e toda a angustia que alí sentía.

Esta rutina é unha creación propia. Amo bailar, desfruto moito ao facer coreografías e encántame a historia, polo tanto, na miña cabeza foi unha grande idea montar e presentar esta obra.

Penso que a danza é unha vía de comunicación na que non é necesario falar, pódese transmitir unha historia unicamente co movemento corporal e pódese chegar ao interior do espectador a través da expresión facial.

Facer a coreografía *Diario de Ana Frank* foi todo un reto para min e alégrome moito de conseguir chegar ata aquí.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2020-2021. Danza Jazz e Moderna

2022. Danza Jazz, Moderna, Contemporánea e Acrobática

2023. Danza Jazz, Moderna, Contemporánea, Lírica, Acrobática e Clásica

*El diario de Ana Frank*





3º PREMIO COMPARTIDO

# Carlota Paz Álvarez

A Coruña, 2004

# Claudia Fusté Zaragoza

Santiago (A Coruña), 2002

*Identidade* é una peza que fala da persoa que todos levamos dentro e que non sempre amosamos, por medo, polo que dirán ou polas ataduras da sociedade. Quen son, que fago aquí, a onde pertenzo, de onde veño, todas son preguntas sen resposta que a medida que medras se volven máis presentes. Nesta peza volvemos visitar a nosa infancia e dámonos conta de que esas nenas que xogaban con bonecas despreocupadamente desapareceron. Estamos cansas de todas as persoas que finxen, do mundo decepcionante e das mesmas preguntas de sempre. Tratamos de volver á casa, descubrir quen eramos, somos e seremos, sen dúbidas, prexuizos nin ataduras. Tratamos de, finalmente, atopar a nosa identidade.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Carlota Paz Álvarez

2016-2022. Grao Profesional de Danza Contemporánea - Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

2022-Actualidade. Grao Superior de Danza, especialidades Coreografía e Interpretación de Danza Contemporánea, Conservatori Superior de Dansa de Valencia, Nacho Duato

### Claudia Fusté Zaragoza

2009-2020. Grao Profesional de Danza Clásica, Conservatorio Profesional de Danza da Coruña

2020-2022. Grao Profesional de Danza Contemporánea, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

2020-2022. Ciclo Superior de Educación Infantil, Politécnico de Lugo

2023-Actualidade. Grao en Maxisterio, Educación Infantil

2022-Actualidade. Grao Superior de Danza, especialidades Coreografía e Interpretación de Danza Contemporánea, Conservatori Superior de Dansa de Valencia, Nacho Duato

*Identidade*





# DESEÑO DE XOIAS

## PERSOAS PREMIADAS

**1º premio**

Adrián Abal Martínez

**2º premio**

Daniela Alonso Aburto

**3º premio**

M.<sup>a</sup> Madelen Ramos Pineda

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

M.<sup>a</sup> Noelia Peña Pérez

José María Mayer Segade


Miguel Gregorio Rodríguez Bertojo

Elena Fabeiro Castro

Nuria Prado Loureiro

### **Secretaría**

M.<sup>a</sup> Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

## Adrián Abal Martínez

Meis (Pontevedra), 1997

A creación desta colección, á que bauticei como *Casimetría*, xorde dos meus inicios como artesán, hai máis de sete anos, cando aprendín a técnica do trenzado con arame chamada *wire wrapping*. Dende entón sempre estiven realizando pezas artesanais con esta técnica, combinándoa con diferentes tipos de materiais como coral negro, caninos, madeira... Cando aprendín outro tipo de técnicas, sempre estaba na miña cabeza mesturar o que viña facendo anteriormente cos novos coñecementos. Realicei moitos intentos, pero por unha ou por outra razón nunca acadaba o resultado que desexaba. Propúxenme realizar estas pezas partindo da simetría da filigrana tradicional galega, pero cambiando o tipo de trenzados e a forma destes e tamén utilizando outros minerais, xa que maiormente se utiliza o acibeche, o que lles achega un pouco de cor ás pezas.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020. Curso de Xoiería. Escola Técnica de Xoiería do Atlántico (Vigo)
- 2020-2023. Ciclo Superior de Xoiería Artística, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

*Casimetría*





2º premio

## Daniela Alonso Aburto

Veracruz (México), 2003

Esta colección dedicúellela aos meus "monstros"... Aqueles que nunca me abandonan e me fan bailar cum-bias tristes e caóticas na miña mente e corazón. Toda a miña rebeldía, tristeza, paixón, inestabilidade, loucura e impulsividade resumiuna un psiquiatra en tres letras: TLP (trastorno límite da personalidade), a miña enfermidade mental diagnosticada cando tiña 15 anos. O colar ("Para que me preocupo, xa despois me ocupo"), representa a inestabilidade e impulsividade, está representado nun contexto de tranquilidade e móstrase despreocupado aínda que, en verdade, sobrepense todo, el está contento fumando e vendo que a vida, en realidade, é un circo. Os pendentos ("Estou tan triste que prefiro que choren os meus peitos") son a representación do difícil que é sorrir por fóra cando por dentro estás tan esnaquizada que en vez de que os teus ollos choren e a xente o vexa, o teu corpo chora, neste caso os seus peitos choran porque son os segundos ollos do corpo que á vista non son posibles de ver. E, por último, o broche ("Estou toliña da cabeza e sen pés") mostra a loucura que habita no meu interior, nos seus peitos están representadas as pastillas que me receitaron para calmala.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2022. Bacharelato de Artes (IES do Sar)

2022-Actualidade. Ciclo Superior de Deseño de Xoiería Artística

*La cumbia de mis monstruos TL Pistas*





3º premio

## M.ª Madelen Ramos Pineda

O Salvador, 1993

“Somos seres con raíces, que se expanden pola vida, que buscan crecer, que buscan florecer”.

A Colección De mi tierra representa unha analogía da nosa vida e das raíces das árbores que se expanden e medran co paso dos anos, facéndose máis fortes. Cada peza está deseñada conceptualmente. A pulseira representa o poder que está nas nosas mans para poder recoller os froitos que sementamos na vida. Un anel de raíces rotativas que representan os distintos camiños que se nos poden presentar; e unha pinza para o pelo en alusión aos nosos pensamentos, que debemos coidar para medrar e acadar os nosos obxectivos. Cada xoia está feita en prata con fusións de técnicas artesanais que requiren atención ao detalle e moita paixón; agardando a que o mostres con poder e confianza en ti mesmo.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2022-2023. Ciclo Superior de Procedementos de Xoiería Artística. Escola Técnica de Xoiería do Atlántico
- 2023. Cursos complementarios, Escola Técnica de Xoiería do Atlántico: Iniciación aos Tocados; Mokume Gane. Curso de Escola Tous de Xoiería e Oficios Artesáns
- 2020-2023. Deseño, desenvolvemento e produción de xoiería en alpaca, latón, cobre e prata, participación colaborativa xunto a deseñadores na Fashion Week

*De mi tierra*





# FOTOGRAFÍA

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º premio

Lucía Castro Álvarez

### 2º premio

Iria Álvarez Liñares

### 3º premio

Alejandra del Carmen Vera Echegaray

### Mención de honra

Naiara Ayelen Carrazza Ibáñez

### Mención de honra

Rodrigo Cruz Gómez

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Sandra Alonso Suárez

Xoán Arias Soler


Xoán Álvarez Rey

Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

### Secretaría

M.<sup>a</sup> Belén Pardal García



1º premio

## Lucía Castro Álvarez

A Coruña, 1999

*Todos levamos sal nos ollos* é unha serie composta por dúas fotografías dixitais que, como o que acontece cunha parte importante do meu proceso creativo, busca a beleza no azar cotián, primeiro por supervivencia e logo por necesidade. Persoalmente, o que me acciona en xeral a tirar fotos/documentar é algo parecido, sácoas moitas veces sen predicir o resultado como unha forma de descubrir dentro do ordinario algo que me remova. Estas imaxes en concreto probablemente respondían nun principio a un impulso de rexistrar un recordo e, en verdade, tamén son un recordo nostálxico para min, pero é a historia que logo desencadean ao tratar de lelas o que fai delas algo máis importante. Como unha metáfora existencialista, as ondas marcan o ritmo dunha representación sobre a nosa condición humana. Nesta costumista escena de baño, os mozos son encerrados (afogados) nun instante eterno para logo apartarse o sal e seguir mergullándose. A acción humana require dun propósito aínda que ás veces este sexa tan primordial e intuitivo como o saír da auga en busca de osíxeno. Seguiremos mergullándonos ata que non nos queden pulmóns que encher.

 @luciacastral

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2021-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Barcelona

2023-2024. Mestrado en Deseño Escenográfico para Teatro, Cine e TV na Elisava

*Todos levamos sal nos ollos*





2º PREMIO

# Iria Álvarez Liñares

A Coruña, 2000


*Ellipsism* é unha narración que profunda no proceso mediante o cal, dende os primeiros escintileos da vida, a nosa sociedade proxecta nas mulleres unha concepción da feminidade. Esta proxección acompáñanos no noso crecemento e socialización, instándonos a esforzarnos por encarnar a imaxe viva dunha Venus fermosa, perfecta e sensual ou mesmo cunha rosa que debe ser fráxil. Co paso do tempo e a chegada da puberdade, esta Venus idealizada desvanécese inexorablemente, desangrándose case de maneira visceral, deixando ao descuberto a imposibilidade de concordar coa ilusión que a nosa mente forxara, baixo a implacable presión exercida pola sociedade en relación cos nosos corpos.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2023. Grao en Publicidade e Relacións Públicas

*Ellipsism*





3º PREMIO

# Alejandra del Carmen Vera Echegaray

Lima (O Perú), 1998

A experiencia cotiá e o sentido común indícanos que cada persoa se sente como única.

Que é o que nos fai ser quen somos? Como nos amosamos á xente que nos rodea? Amosámonos tal e como somos ou como desexamos que nos vexan?

Con este proxecto, busco o que nos fai diferentes e como o noso peiteado, roupa, accesorios, a nosa forma de ser... son factores que condicionan a visión que os demais teñen de nós.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2022. Iluminación, captación e tratamento da imaxe

2021. Fotoxornalista

2019-2022. Persoal de cine

2022. Asistente de fotografía

2023. Creadora de contido

*Pessoas*





MENCIÓN DE HONRA

## Naiara Ayelen Carrazza Ibáñez

Santa Fe (A Arxentina), 1994

*Paisaxes da Alma* é un proxecto fotográfico de autor no que busco inserir paisaxes dentro de persoas e xogar co concepto de corpo como elemento contedor dunha paisaxe que representa a alma da persoa.

A miña intención é quitarlles importancia aos seus corpos, perder de vista o terreal, o visible, o precedoiro e no seu lugar darlle importancia a aquilo que non se ve pero é eterno.

As paisaxes de cada persoa foron profundamente analizadas en función da personalidade de cada membro da familia. Estas paisaxes foron pensadas e escollidas en función do que eles pensan de si mesmos e das súas respostas á seguinte pregunta: Que serías se foses unha paisaxe? As fotografías finais representan o que elas son e transmiten.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2019. Ciclo Superior de Fotografía, Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo


2022-Actualidade. Cobas&Gómez, Technology Ventures, S.L.

*Paisaxes da alma*

*Paisajes del alma*



*preuota*



MENCIÓN DE HONRA

# Rodrigo Cruz Gómez

Ourense, 1999

Dende hai anos, a miña familia xa non sobe cada fin de semana á aldea. Xa non celebra os aniversarios. Xa non celebra ningunha festa. Xa non se fai vida nela. Nesta aldea pasei parte da miña infancia correndo e xogando. Unha aldea que nos meus ollos de neno estaba chea de vida, pero na realidade o que estaba era dando os seus últimos folgos. Isto que acontece non é un caso illado, o rural galego leva anos sufrindo o despoboamento e o abandono de forma sistemática, cada día é máis complexa a vida nel. Este traballo móvese entre o analóxico e o dixital, entre o pasado e o presente, entre o artístico e o documental. Facer un traballo de arquivo con fotografías antigas da miña aldea e comparar os espazos cos da actualidade é unha gran mostra da situación do rural galego ante o desarraigamento que se está a cometer. Cómpre facer unha seria reflexión e dar a coñecer as historias dos seus habitantes para que non desapareza.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2018. Formación profesional básica

*Desarraigamento*





# MODA

## PERSOAS PREMIADAS

**1º premio**

María Alborés Lojo

**2º premio**

Julia Lameiro Hermida

**3º premio**

Noemi Comesaña Comesaña

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira


Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Paula Montoto Blanco

### **Secretaría**

Isabel Montero Pereira



1º PREMIO

## María Alborés Lojo

Boiro (A Coruña), 1998

A pequena diferenza entre amar (LIEBEN) e vivir (LEBEN) é soamente unha vogal, o "l". Ese proverbio provén do final dos contos infantís alemáns onde, cun xogo de palabras, cambia a historia.

Partindo dun tema inicial tan amplo como o Romantismo, fíxome nun dos máximos representantes desta corrente artística: Caspar David Friedrich.

Na súa obra, os personaxes presentes depositan unha presenza humana nunha perspectiva diminuída, aínda que no fondo son protagonistas, fan sentirnos cómplices delas ao ver estas figuras de costas.

Todo isto, sen esquecer a referencia de pezas de roupa románticas, mediante o uso de mantóns de caximira e cores intensas por parte da indumentaria feminina.

Os colos de solapa, colos altos ata o pescozo, camisas con colos ata a mandíbula, grandes abrigos e túnicas, por parte da indumentaria masculina.

A través do xogo do dereito e do revés creado polos personaxes de Friedrich, chegamos a un sentimento estético e metafísico.

Todo foi un soño.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2021. Grao en Deseño pola Universidade de Vigo, especialidade en Deseño de Moda

2019-2021. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo


2021-Actualidade. Grao en Deseño de Moda, Royal Academy of fine Arts, Fashion department, Ambers

2019. Asistente de Backstage London Fashion Week, REJYNA PYO, Londres

 @maalbores

*...Und wenn sie nicht gestorben sind, dann lieben sie noch heute*





2º PREMIO

## Julia Lameiro Hermida

Santiago de Compostela (A Coruña), 2002

A miña colección está inspirada na historia de Adán e Eva dende o punto de vista de Lilith.

Lilith e Adán foron a primeira parella que habitou no Edén, ambos foron creados en semellanza, por iso mesmo Lilith non obedeceu a orde de submisión que lle impoñía Adán, alí non había lugar para dous iguais, polo que antes de renunciar aos seus dereitos decidiu abandonar o paraíso terreal e dirixirse ao mar Vermello, lugar poboado por demos e forzas escuras, cos que ela se alía.

Ao marchar Lilith, Deus creou a Eva. Para probar a súa fidelidade deulles o mandato de comer de todos os froitos da árbore da horta, agás un. Lilith, coñecedora desta prohibición, encárnase nunha serpe, ofrécelle o froito prohibido desa árbore, dese modo consegue que sexan expulsados do paraíso.

A colección está chea de pezas con múltiples manipulacións téxtiles na que conviven pezas sutís e delicadas con pezas sensuais e agresivas, que representan as catro fases da historia, que son a natureza, a liberdade, a tentación e o horror. Tons que van do branco e o beixe, que representan a natureza, ata granates e vermellos que representan o sangue e o horror.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2023. Deseño de Moda, Escola Formarte

*Lilith*





3º PREMIO

## Noemi Comesaña Comesaña

Vigo (Pontevedra), 1998

*Albatros* nace como resposta ao propio medo á incapacidade de soñar e imaxinar. O abandono da nenez pola chegada a ser adulto, onde os pés están na terra e a cabeza... debe estalo tamén, nada de deixarse voar e estar nas minchas.

Atopei refuxio no poema *Albatros* de Charles Baudelaire, onde o poeta perde a súa maxia ao tocar chan e as súas ás se volven inútiles. Convértese en algo torpe e débil, feo e cómico. O poema dá paso a esta colección, monocromática, chea de formas e texturas que tentan suxerir, fluír e xogar.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Belas Artes

2020-2022. Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda

2023-Actualidade. Feuga-Reizentolo

*Albatros*





# MÚSICA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Alana
<b>2º premio</b>	Juan Arca Figueroa
<b>3º premio</b>	Estela Rodríguez Rodríguez
<b>Mención de honra</b>	Daniel Fernández Filloy

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Rosa Cedrón Fernández

Manuel Araújo Montero

Carlos Daniel Landeira Pena

Salvador García Cal

Marián Romero Romero

### **Secretaría**

María Rivas Martínez



1º PREMIO

## Grupo ALANA

Eloy Vidal Varela. Ponteceso (A Coruña), 1993

Antía Vázquez Pantín. Culleredo (A Coruña), 2002

Pablo Castro Lema. Vimianzo (A Coruña), 2001

Ambas as dúas cancións son composicións de varios cantos populares galegos, das que nós facemos unha versión para crear unha composición onde a harmonía, o tradicional e o contemporáneo van xuntos da man. *Liñares* é un tema do que se fai unha versión a partir dunha melodía que cantaban as veciñas de Liñares, no concello de Avión (Ourense). É un pobo emigrante, na súa maioría viaxaban cara a México, así que, cando retornaban á casa no verán, se xuntaban no campo da festa para volver tocar as coplas que aprenderan de novas. Consuelo de muiñeira faise cunha melodía de Consuelo dos queixos, nada en Verdillo (Carballo); unha muller cunha voz potente que encarna á perfección a tradición vocal popular galega e que abriu as portas de calquera que quixera entrar para aprender os seus cantares.

 @alanatrio

 Alana Trio

 alanatrio

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### Eloy Vidal Varela

2012-2016. Técnico superior de son, Escola de Imaxe e Son  
2014-2019. Técnico de son, MADOUA, empresa de alugamento de son e iluminación, dedicada ao mundo do espectáculo en directo

2017-2018. Mestrado en Produción Musical e Enxeñería de Son, Centro de Innovación, Consultoría e Empresarismo

2019-Actualidade. Autónomo como músico, enxeñeiro de son e profesor particular de canto, guitarra, música e movemento

#### Antía Vázquez Pantín

2020-Actualidade. Grao en Historia, Universidade de Santiago de Compostela

2019-Actualidade. Mestra de baile e pandeireta na Asociación Cultural de Santaia, Oleiros

2023-Actualidade. Mestra de canto tradicional e pandeireta, Asociación Cultural de Vivantes, Santiago de Compostela

#### Pablo Castro Lema

2015-2022. Formación como gaitero, Escola de Música BellónMaceiras

2019-2023. Grao en Educación Primaria, Universidade de Santiago de Compostela


2017-Actualidade. Director da Banda de gaitas, Asociación Cultural Trubisquiña, Vimianzo

2017-Actualidade. Mestre de gaita e percusión tradicional na Escola de Música do Concello de Vimianzo

2021-Actualidade. Director da Banda de Gaitas da Asociación Cultural Folja da Faneca, Camelle

*Liñarese Consuelo de muiñeira*





2º PREMIO

# Juan Arca Figueroa

Vigo (Pontevedra), 1996

A maior parte da miña música non pretende transmitir mensaxes nin situacións concretas, senón crear espazos sonoros e xerar imaxes na cabeza dos meus oíntes. As letras son premeditadamente ambiguas, proporcionando a información xusta para que a imaxinación de cada un poida completar a historia. As dúas cancións presentadas a este certame teñen en común a auga: a do río en *Dúas lontras* e a do mar en *Cinco fiestras*. Nesta última, a ambigüidade da harmonía, que se debate constantemente entre os tons de si maior e si menor, evoca a atmosfera difusa e neboenta dunha mañá invernal fronte ao mar. Na sección final a canción toma impulso e pódese albiscar unha illa no horizonte. *Dúas lontras* é a un tempo unha canción de amor e unha oda á natureza. Na produción cobran importancia os sintetizadores, influenciados pola música de Radiohead, e uns samples de auga e animais que lle engaden profundidade ao tema.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2021-2022. Mestrado de Profesorado na especialidade de Música, Universidade de Santiago de Compostela
- 2022-2023. Profesor de guitarra na Escola de Música Bambera, Vigo
- 2022-Actualidade. Profesor de guitarra en Garaxeland, Santiago de Compostela

*Cinco fiestas e Días lontras*





3º PREMIO

## Estela Rodríguez Rodríguez

Ourense, 2007

*Solo de concurso*, André Messager: o compositor compón esta obra en 1889 para un concurso do conservatorio de París, de aí o seu nome.

*Homenaje a Bach*, Béla Kovács: esta peza é unha das múltiples homenaxes que este compositor compuxo para varios compositores anteriores. Existen tamén homenaxes a C. M. von Weber, a Z. Kodály, Manuel de Falla, R. Strauss... O compositor destas pezas de homenaxe crea un tema e fai unha versión de forma que sexa apreciado o tipo de música composto por cada compositor e as características do seu estilo individual.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023/2024. 5º Grao Profesional, Conservatorio Profesional de Música de Ourense

*Solo de Concours de André Messager e Homenaje a J.S. Bach de Béla Kovács*





MENCIÓN DE HONRA

## Daniel Fernández Filloy

O Carballiño (Ourense), 2007

*El tercer impacto* fala de dous buratos negros que teñen medo de bater porque non saben que ao unirse forman algo novo que xa estaba alí. Ás veces, ás persoas pásanos o mesmo, como a Shinji en *Evangelion* (serie da que saquei o título). Escribina durante un namoro e graveina despois dunha ruptura; e ten sentido nos dous lados. *Tráxicos* conta a historia dun cabaleiro que se encarga a si mesmo a misión de salvar a alguén despois de ler as cartas do Tarot. Ás veces, o destino é máis complexo que unhas simples cartas; pode haber erros de interpretación, unha visión limitada a curto prazo... e as historias rematan nun talvez.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2023. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Vigo
- 2023. Composición da música orixinal de *TARA*, de Rebeca Tella e Daniel Filloy
- 2023. Composición da música orixinal de *Illa Cordura*, de Mario Fernández Filloy
- 2023. Composición da música orixinal de *Marcapáxinas (ou como perder o fío da lectura)* de Miguel Flores da Costa

*Tráxicos e El tercer impacto*





# NOVELA CURTA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Pedro Rodríguez Villar
<b>2º premio</b>	Marcos Gómez Ramos
<b>3º premio</b>	Miguel Cavadas Docampo

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Armando Requeixo Cuba

Elena Gallego Abad


Ramón Domínguez Veiga

Tamara Novoa Alonso

Andrea Maceira Lafuente

### **Secretaría**

Carmen Pereiras Pérez



1º PREMIO

## Pedro Rodríguez Villar

Nigrán (Pontevedra), 1996

Mario leva moito tempo pensando en suicidarse. A depresión está a poder con el e, como última opción, vai probar un innovador programa de doazóns de felicidade que se fai na rúa Príncipe de Vigo en pleno Nadal. Alí, Lucky dálle toda a súa alegría a cambio da súa tristeza e recupera as súas ganas de vivir. Lucky é de Baroña, un lugar que non sae nos mapas e nos que se crían persoas co único obxectivo de vender a súa felicidade. Leticia creceu ao seu lado e ela, coma el, era unha das elixidas para doar a súa felicidade ata que un día a viron chorar. Nese momento é repudiada por todos, os seus pais son executados e ela queda soa. Foxe da illa unha noite co único obxectivo de traspasar o muro de néboa que envolve Baroña e volver atopar a Lucky. Da man de Leticia e de Mario, os lectores descubrirán unha sociedade que, como a nosa, tenta solucionar un grave problema de saúde mental cunha tecnoloxía utópica que agocha varios segredos e inxustizas que provocan moita dor. *Alén da néboa* é unha novela que fai que nos miremos ao espello e que nos fagamos a seguinte pregunta: A que estarías disposto para evitar a tristeza?

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014-2018. Grao en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela
- 2018. Director de Teatro do Ar e un dos responsables da Escola de Teatro de Nigrán
- 2019. Responsable de comunicación da Asociación Érguete
- Dende 2019. Gañador de varios premios literarios como o Nortear, o Lingua de Namorar, Inspiración, Manuel Oreste ou os da Xuventude da Deputación de Pontevedra
- 2020-2021. Mestrado de Profesorado na Universidade de Santiago de Compostela
- 2021-2022. Mestrado de Guión de Cine e Televisión na Factoría do Guión de Madrid
- 2023. Xornalista para *La Voz de Galicia*

 Pedro Rodríguez Villar

 @pedropanxon

## Alén da néboa (fragmento)

Mario non é quen de agarrar un raio de Sol. Un día de neno cre que o fixo, non sabe se foi real ou é unha desas memorias que brincan coa imaxinación, pero prefire pensar que si. No patio da escola presumía diso, quería que o visen como un Prometeo moderno, como un superheroe das películas, pero, o certo, é que agora non é capaz de collelo. O raio entra en pequenos fíos pola ventá, baila entre os seus dedos e desaparece sen facerse sentir. Hoxe leva 31 anos e 50 días sen agarrar un raio de Sol.

Sentado sobre o seu diván vermello consume a súa última opción. Ilusionáballe pensar que se volvía agarrar o Sol podería dar marcha atrás. Unha gota de suor que baixa do seu floco castaño métese nun dos seus ollos azuis, pica máis que nunca. Frota con ansía, o ollo irritase, as articulacións tremen e a ansiedade escapa da súa cova entre as costelas alimentándose do seu osíxeno. Cada vez é máis grande. É como un gran polbo que o comprime dende dentro.

Fóra da sala do diván vermello, a rúa Príncipe está ateigada de xente. Inicios de decembro, van acender as luces de Nadal e as grandes franquías comerciais afían ao máximo as súas promocións. Ninguén mira para arriba, pero se o fixeran poderían ver a Mario, un xigantón de un metro noventa encollido ao máximo sobre o diván do ático do edificio que sempre cheira a *gofres*.

Mario nota o polbo crecer no seu peito: os seus tentáculos reptan entre as súas costelas, os seus sete corazóns latexan facendo que o seu pulso perda o ritmo e nota como un regueiro de tinta pinta os seus pulmóns de alcatrán, inunda a súa gorxa e escapa como un pequeno fío de chapapote polo seu nariz. O polbo parte a 2 súa pel, asoma a cabeza e mírao fixamente cos seus dous ollos negros, dúas esferas que son a nada. Mario sabe que vai morrer.

Un home con bata branca entra na habitación abrendo suavemente a porta, que chirría, e o polbo desaparece. Mario non sabe se o home é médico ou non, pero ten pinta de saber o que fai. Debe andar nos sesenta anos, está algo caído e ten un gran bigote gris que se arquea como un sorriso.

- Estás listo? - preguntalle a Mario.

Mario afirma coa cabeza, en silencio. Non sería a primeira vez que se morde a lingua dos nervios. Fai o amago de erguerse, pero o home de bata branca párao suavemente coa man.

- Mellor que quedes así - fai unha pequena pausa - Estás listo para coñecer o teu doante?

- Pensaba que non facía falta... Ninguén me avisara de que ía ter que velo - protesta Mario. O polbo comeza a respirar de novo na súa cova.

- Non tes por que, Mario, pero é o premio que lle damos por facerche este regalo. Sería un pouco cruel privalo de coñecerte.

- Pero... Non sei se estou preparado - o polbo saca un tentáculo da cova.

- Mario, estás tomando este proceso moi en serio. Non te preocupes. Vai ser moi rápido e todo vai ir ben... El non é coma nós, é mellor que o vexas coma un can.


- Coma un can? - Mario morde a lingua e solta un pequeno xemido.

O doutor sepárase de Mario, vai até un lavabo que hai nun dos fondos da habitación, xusto entre dous estantes cheos de libros, e enche cun líquido branco un vaso de plástico.

- Toma. Esta infusión seguro que te tranquiliza - dálle o vaso a Mario.

Mario mira o líquido antes de beber, non parece feito con agua, diría que é como unha luz encerrada á que lle obrigaron a ser tanxible. É unha imaxe, unha sensación noxenta, todo o contrario a como se sentiu cando colleu o raio de Sol. Quere tirar o vaso, pero o polbo cada vez é máis grande. Bebe todo dun trago.

- O que quería dicir - continúa o home de bata branca - é que non coñecerte para o doante sería como privar a un can de todas as caricias do seu dono. Vive para ti, como fai a miña cadelinha coa miña muller [...]



2º PREMIO

## Marcos Gómez Ramos

Rianxo (A Coruña) 1999

*O único da clase* trata diversos temas como a familia, o acoso escolar ou a importancia da educación, envolto nun misterio de primeiras imposible de resolver. Tamén se exploran o desexo de vinganza, o egoísmo e as consecuencias dos propios actos nuns personaxes que se ven arrastrados a este enigma por temas persoais, pero que ningún termina de encaixar nos moldes arquetípicos de «heroe» ou «vilán».

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2021. Grao en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma

## *O Único da Clase* (fragmento)

### Capítulo 1

Ao primeiro, Elías pensara que cometera un erro mirando o horario. Que quizais en realidade era martes e que todos os seus compañeiros estaban agardando diante das portas do ximnasio mentres o frío da mañá calaba os seus osos. Todo para uns minutos máis tarde empezar a correr arredor da pista, maldicindo a quen se lle ocorrera poñer Educación Física á primeira hora da mañá. Porén, cando o seu profesor de Bioloxía, o señor Iglesias, entrou pola porta estivo moito máis seguro de que non se confundira de día.

—Onde están todos os demais? —preguntou o mestre, claramente preocupado.

Esa era a dúbida que estivera abordando a súa cabeza dende que el mesmo entrara á aula. Nunca era o primeiro en chegar. Adoitaba encargarse diso a partir do momento no que o sentaron ao lado de Aitor Vázquez, un rapaz de dezasete anos que seguía cursando terceiro da ESO. Por suposto, iso convertíao no máis popular de toda a aula, ou polo menos naquel ao que non queres levarlle a contraria. Elías preferiría que non se dirixiran a palabra no que restaba de ano, todo tería sido moito máis fácil. Pero, claro estaba, o repetidor non era dos que podían deixar pasar unha clase sen chamar a atención, aínda que fora a dunha soa persoa.

—Espera aquí —dixo o señor Iglesias, que ficara plantado no limiar da porta.

Tampouco é que planeara marchar a ningures. Nin a biblioteca estaba aberta ás oito e media da mañá. De todas formas, por unha vez quería saber que idearan os seus compañeiros. Unha folga falsa? Non, vira demasiados estudantes na entrada e polos corredores. Andarían agochados para asustar ao profesor de Bioloxía? Tampouco parecía 2

probable. Non tiñan suficiente espazo na clase como para esconder a vinte persoas e menos se as portas dos armarios seguían abertas, tal como puido comprobar dunha rápida ollada.

Por non dicir que era un pouco infantil para uns adolescentes de catorce anos.

Que pretendían? Ian castigalos a todos. Non había xeito de que aquel plan, fora o que fose, saíse ben. De contado se escoitaron os pasos e as voces amortecidas dalgúns dos seus mestres. Parecían debater sobre o que lle contara o de Bioloxía, pero en canto a de Inglés e o de Lingua Castelá asomaron a cabeza, só viron a Elías sentado, cos brazos apoiados no seu pupitre.

—Os outros non viñeron? —preguntou a señora García, entrando na aula.

—Iso parece —respondeu o raparigo, encolléndose de ombros—. Non vin a ninguén.

—Non tes nin idea de onde poden andar?


Negou ca cabeza. É dicir, ocorríanselle un par de ideas: detrás do ximnasio, escondidos nos baños... Incluso a cafetería era unha opción. Pero ou todos tiñan alerxia a estudar o sistema dixestivo un luns a primeira hora ou aquela era a maior casualidade que se vería nese instituto.

—Vamos chamar a seus pais, a ver se algún deles quedou na casa. Elías, ti...

Ningún dos tres sabía ben que facer co único alumno que se presentara na clase. Neses instantes, seguir avanzando co temario non era unha opción.

—Ven á sala de profesores—pediu ó final o mestre de Castelán, o señor Losada.

Avanzou con eles en silencio. Para chegar necesitaban baixar as escaleiras e seguir recto, non tiña perda. A esas horas non había case ninguén, así que o xove estudante non atopou demasiados problemas para tomar asento. Dende alí, foi testemuña de como os seus profesores chamaban unha e outra vez aos pais cos seus móbiles, pero o único que conseguiron foi asustar aos que puideron collerlles o teléfono. [...]



3º PREMIO

# Miguel Cavadas Docampo

Vigo (Pontevedra), 1996

*As cousas que xamais viviremos* é unha novela curta sobre un (des)encontro entre dous personaxes polas rúas de Compostela: un que segue e outro que é seguido. Estrutúrase como un monólogo interior a tempo real durante os vinte minutos que dura a coincidencia, partido por toda sorte de interludios, ocorrencias e lembranzas imbricadas. Nárrase dende a perspectiva do que segue e afonda na súa condición de rastrexador de sombras, espía de ausencias e profeta de miraxes. Lanza un canto a unha forma de sentir en perigo de extinción, baseada nunha vontade de achar fe nos afectos, na humanidade e, no fondo, na vida mesma.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-2019. Grao en Lingua e Literatura Españolas,  
Universidade de Santiago de Compostela

2020-2022. Mestrado en Escritura de Guións, Uni-  
versidade de Boston

2022-Actualidade. Guionista en Elefantec Global

 @miguel\_cavadas

## As cousas que xamais viviremos (fragmento)

Non agardo un camiño de volta a casa con empezos nin complicacións. Tampouco é previsible unha sincronía de proporcións catastróficas nin unha putada cósmica de moito alcance. Eu vou tranquiliño, xúrovolvo, ao meu rolo, sen meterme con ninguén. Puxen os cascos nada máis saír da aula; pop comercial, algo tipo *feel-good*, de boa vibra, veña que hoxe imos optimistas, que hoxe espertei con ganas de aproveitar o día, non vou nin pasar esta canción, voume tragar enteiro este *empowering hit* de Katy Perry (que non sei por que non desapareceu da miña *playlist* alá por 2015) a ver se me veño arriba, vai. Ademais, por fin deixou de chover e vai un sol que dá gusto. Así é máis doado ser optimista, ou parecelo polo menos. Hai que fixarse sempre nos detalles positivos: a puntualidade da profesora, os semáforos en verde, a boa nota no parcial, esa airexa primaveral que o impregna todo... O caso é que ao chegar á altura do derradeiro edificio antes do cruce para a costa, saíndo do práctico atallo entre as casas do lado da papelería, sucede a hecatombe: aparece El. Voume referir a El sempre con maiúscula porque evidentemente non vou empregar o seu nome real. Amais, «El» dálle un aire como de deus que se axusta bastante ao seu rol en todo isto. Pois nesta sorte de *locus amoenus* improvisado que vos estou pintando, maniféstase de súpeto El, enteiro, con toda a súa presenza. Agora, antes de nada, para pórvos en antecedentes, supoño que convén que faga unha extensa e pormenorizada descrición desta personaxe, porque vai saír todo o tempo. Non é unha cuestión trivial nin unha tarefa sinxela, crédemme.

### Descrición extensa e pormenorizada de El

Para ofrecer unha rigorosa e polifacética aproximación a este individuo cómpre, primeiramente, consultar o seu perfil en Instagram. Ten 424 publicacións, 1657 seguidores e 973 seguidos. Achego estas cifras porque xustifican que comece a súa descrición por esta rede social. Aquí está El tal como El quere que o vexan. Procedamos, pois.

Debaixo do seu nome atopamos a súa procedencia e a cidade na que reside actualmente, que é a mesma ca a miña, se non nada disto tería sentido. O nome da cidade si que o vou revelar: Santiago de Compostela. Fágoo explícito porque vai ser máis que

obvio e así podo facer referencias á catedral, bares da zona vella, a costa de Pelamios e demais xeografía picheleira. Ben, pois de baixo dese sacro topónimo El coloca unha ligazón á súa conta de Tumblr. Síntoo pero non nos imos meter aí porque isto sería un parrafeo interminable e xa dispomos de material gráfico abondo.

Entre as súas fotos achamos unha variedade non inxente pero si considerable de tipos; hai *selfies*, fotos con amigos, fotos pseudoartísticas, fotos de tabletita (non hai moito que se peta pero agora está bastante ben), fotos que non sabería como clasificar, fotos de edificios franceses (?) e basicamente iso. É curioso como a vergonza non é directamente proporcional á antigüidade da imaxe, e iso que fun ata abaixo de todo para comprobalo. A súa última historia é un meme bastante simpático. Aproveito unha foto na que sae tremendamente guapo para engarzar coa prosopografía. A verdade é que custa escoller. Subiuna un día calquera de agosto de 2019, tivo 239 *likes* e 13 comentarios.

A súa pose garela destaca no albor inmenso da parede. El é desas persoas que saben mirar. Eses seres humanos que ao naceren foron bendicidos co poder de atravesar os demais coa mirada. O signo do basilisco. É tan poderoso o seu ollar que é capaz de fender os innumerables filtros que lle foron imputados a esta instantánea. Tantos que me impiden apreciar os detalles da súa pel que me resultan máis suxestivos: os lunares. El está marcado de arriba abaixo. Poderíase trazar un camiño que percorrese todos os sinais do seu corpo e atraer os transeúntes co lema «segue a liña de puntos». Non sigo por aquí porque me poño intenso, pero creo que se vai captando a idea. Contra toda esa exótica bendición natural atópase o seu pendente (non ten tatuaxes, menos mal) na orella esquerda, ou na dereita, non o sei, porque non son quen de descifrar se a imaxe foi tomada coa cámara frontal ou a traseira. Sempre armo unha enleada con este asunto dos lados nunha foto. Para ir rematando: beizos grosos, nariz ben proporcionado, cabelo negro moi curtiño polos laterais e crecho no topete, e cellas ben poboadas, como a min me gusta. De feito, este espesor capilar é un dos meus trazos favoritos nos homes en xeral, e El cumpre con creces. Que lle sentaría de medo unha barbiña xeitosa? Por suposto. Ao tempo. [...]



# POESÍA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio</b>	Alba Doval Rodríguez
<b>2º premio</b>	Natalia Lema Otero
<b>3º premio</b>	Sara Porto Puente

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Guadalupe Gómez Arto

Xosé Luna Sanmartín


Luis González Tosar

Víctor Manuel Furelos Guillén

Alba Cid Fernández

### **Secretaría**

Noelia Conde Rodríguez



1º PREMIO

# Alba Doval Rodríguez

Ribadavia (Ourense), 1996

Estes poemas constitúen unha continuación dos presentados e galardoados no certame de poesía Díaz Jácome (Mondoñedo) en decembro de 2022.

O contido de *Vixilia* nace como resultado dunha época insomne e demencial na que a noite, a escuridade e a súa quietude transmiten revelacións que serían inaccesibles para calquera fóra dese estado de case transe. Os seus efectos van deteriorando o estado da voz narradora, que vai profundando cada vez máis na súa mente, ata o punto de non ser capaz de distinguir se o que está percibindo é real ou unha especie de soño febril.

A natureza, con todo, sempre está presente como contrapunto e como elemento transversal da vida, que serve para devolver a voz narradora á realidade e á materialidade que a caracteriza, pero que foi perdendo cada noite.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-2018. Grao en Lingua e Literatura Inglesa, Universidade de Santiago de Compostela

2018-2019. Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura, Universidade de Santiago de Compostela

2021-2023. Mestrado en Tradución Especializada (especialidade literaria), Universidade de Vigo

2021-2022. Mestra de inglés, Academia Linguas Novas, Padrón

2022-2023. Tradutora por conta propia

2023-Actualidade. Tradutora, Precision Translations

 @do\_\_val/

 @Albadoval

## Vixilia (fragmento)

Fóra do meu cuarto, pola ventá,  
cores que danzan e se burlan de min.  
A súa forma varía entre fervenza  
e ebulición. Só as distingo  
a través das rañuras da persiana que a escuridade  
ignora timidamente.

Agardan que as acompañe, que me funda coa cidade.  
O meu corpo, silenciosamente ansioso,  
pesado coma o mármore  
e fráxil coma a cerámica, canso  
de buscar pretextos para non se destruír,  
produce un ruído enordecedor que só eu podo escoitar.

### I.

O meu estado natural é vivir baixo a masa dun lago  
esmagador. Diariamente, vexo as cores que a luz do sol  
proxecta na miña pel a través da auga, iridescentes. Choro e  
degóírome por totalas, mais nunca acontece.

### II.

A presión que exerce a auga moldea o meu corpo, ou o que eu  
creo que é o meu corpo. Xa non me lembro del. Aí habito ata  
que son chamada á superficie.

Non son quen de durmir en toda a noite por mor dun ruído  
metálico no meu cerebro.

Ao erguerme, atopo todo no seu lugar.  
Se estou a escuras esquivo que existe  
a luz;  
*non mires, protéxete.*

Olla, xa case non parece.  
*É que xa non son.*

Ti coñeces o outro mundo no teu sono;  
a túa pel-perla é impenetrable,  
salvaxe e submisiva; non sei como te posuír.

*É a inconsistencia, o meu ser tremendo.*

Un recendo a perfume que inutilmente oculta a debilidade  
da noite anterior.

O medo, a febleza dos corpos,  
a fragilidade dun ente poderoso que impón o seu castigo  
eterno.

Se cadra nun recordo das nosas partículas,  
no reclamo da miña vida, na desmemoria e  
nas dificultades na fala mortal.


Sei que tamén intentas levarme, mais nunca marcharei de  
aquí.

Semellará que vivir coa certeza dunha morte  
prematura perfecciona o proceso de aceptación,  
mais só prolonga o terror do pranto que se aveciña  
co zoar dos abellóns.  
Se o interrompesen, confirmaríase a existencia de Deus.

Teño medo do meu nome porque vaticina a hora que máis  
temo.

Medo do día e da noite, medo do que non podo escoitar  
e quero tocar; *soamente* na fala cobrarás vida;  
e mentres sexas a luz que me busca eu preferirei vivir na  
sombra, na miña vida crepuscular.

[...]



2º PREMIO

# Natalia Lema Otero

Vimianzo (A Coruña), 1999

*As horas prontas* é un poemario inspirado nos derradeiros anos de vida de meu avó, nos coidados vitais que require unha persoa con alzhéimer, motivo que me levou a retomar os estudos e cursar Psicoloxía. Composto por tres poemas, introdúcese cunha pequena estrofa en prosa, dedicada ás avoas, o imaxinario popular que rodea o seu mandil de cadros. O primeiro poema intenta reflectir os momentos clave das nosas vidas, que se repiten de xeración en xeración, conformando as nosas raíces como persoas, sabendo de onde vimos para saber onde imos. O segundo poema versa sobre as viúvas dos vivos e dos mortos ou de quen perde un fillo na inmensidade do mar. Do naufraxio en si, en sentido figurado e literal. Por último, o terceiro intenta emular o proceso de dor, dende a negación, ata a aceptación e superación da morte de alguén querido.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2020. Ciclo Superior de Administración e Finanzas
- 2021-2022. Título Experto Profesional en Comercio Internacional
- 2023. Ciclo Superior en Asistencia á Dirección
- 2023-2024. Cursando 2º curso do Grao en Psicoloxía na UOC

## *As horas prontas (fragmento)*

O mandil da avoa era máxico. Era capaz de transportar espigas de millo do país para caeren sobre el centos de grans que servirían de semente para o ano seguinte.

Con ese mesmo mandil secábanse as bágoas, cando os netos esvaraban nos primeiros pasos e facían pequenas feridas nos xeonllos. E, maila todo, dicían que o mandil era só para protexer as roupas dos domingos que quedaban por baixo.

As horas prontas son chegadas,

son o aviso certo das mulleres da nosa casa,  
naqueles días onde parían en silencio,  
purgando o sangue e a miseria,  
que asolaban as nosas casas en outrora.

As horas prontas son a voz de miña nai,  
na púbere e inmisericorde onda do pasado,  
murmurándome lentamente que cada contracción é un pulso,  
ca vida, a existencia do aire viciado,  
que con aleivosía ousa arrebatarme o alento.

As horas prontas son o xugo das mulleres de onte,  
aquelas que non tiñan un duro para zapatos novos,  
nin un cariño que servise de ofrenda,  
naqueles días onde as nubes de evolución,  
cubrían aos poucos o trémulo ceo.

As horas prontas foron os fillos nunca paridos,  
que saían a relocer en cada reunión,  
como epitafios que se gravaban, unha e outra vez,  
sobre a superficie estérea e árida do noso corazón.

As horas prontas son esa sensación,  
de ter un nó na gorxa tan fondo e inmenso,  
que me impide observar a beleza dos días,  
cando o tempo se paraliza nunha certeza,  
no delicado voo do miñato que tantas veces delineou sobre a nosa cabeza.

O que máis terror me dá das horas prontas,  
por moi esquivas e ferintes que sexan,  
é nunca volver saber delas.

Camiñei adoecido pola praia en diante,  
mollando os pés na auga trémula,  
sentindo o contraste iracundo da area quente,  
que, tal poza do inferno, púrgame os pecados da alma.

Acórdome que eu vin o náufrago que precede a tormenta,  
naquel sorriso de fillo desairado,  
que pensa que o mundo é un pano de izado de cores gloriosas.


Eu vin o náufrago que precede o home,  
cando as lámpadas da nosa cociña,  
compradas en tempos de vidro, Duralex e carestía,  
tremían compunxidas coma damas en vilo.

Eu fun por un instante fugaz,  
a luz feble que chega logo dun longo transo sen luz,  
no momento que avisaron do teu naufraxio,  
xa non había luz nin escuridade, fillo,  
na natureza do óbito,  
só habita o pranto precoz.

Hoxe tocaron a defunto no adro da igrexa,  
batían aquelas campás nas tempas con dó,  
ata o rechouchío dos merlos facía dano,  
ante aquela ópera prima de vida que finaliza.

Camiño con dor e rabia,  
mollando os meus pés na auga tépeda,  
as miñas fazulas saben a sal,  
a mar e quebranto.

[...]



3º PREMIO

## Sara Porto Puente

Santiago de Compostela, 2003

Para escribir os cinco poemas que compoñen a obra inspireime nas cinco seccións do ordinario da misa no rito romano. Segundo o nome de cada unha das seccións creei un poema que as representase. No Kyrie hai unha apelación ao Señor, Gloria fala dunha amada, Credo inicia cun creio (pois é un presente latino), o tema de Sanctus é a bondade esaxerada produto de calar a mente e en Agnus Dei aparece o año que nace. Aínda que en xeral toda a obra está en verso libre, tamén xogo coa intercalación de versos rimados, principalmente alexandrinos, e coa adaptación dos pés anfibracos gregos ao galego nun par de versos. É unha exploración da fusión de elementos da lírica antiga e contemporánea, o que explica o Ordinario como tema xeral e certas referencias. Interésame a destrución dos significados clásicos asociados a palabras e elementos parte da tradición e como encaixalos na creación de imaxes innovadoras e surrealistas con contido metafórico.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2023. Grao Profesional de Fruta no Conservatorio de Música de Santiago de Compostela

2023-2024. Cursando 3º curso do Grao en Filoloxía Clásica na USC

## *Ide, é a despedida (fragmento)*

### **κύριε ἐλέησον**

«Señor, por que deixa a terra da ortiga, señor,  
do zoco no ronsel onde non pasa Amor?»

Amei a espiña que se me incrustou no ventre e berrou espida  
que parira flores.

Amei a choiva que afogou a flor.

Nunca o souben.

Dille con sorna o que pides, xa sexa vivir ou  
morrer: «Señor, poña aquí cen días, lembrou  
agora aínda, creo, que si o aman... lembrou...»

Amei a pel vella entre a espuma do seu ollar  
entón, cando apertaron ou caeron cen rosas pretas da  
pedra do afiador,  
cando esvararan das cen follas  
regueiros de carmín.

Escoitei que parira flores na casiña do morto  
entón, cando xa enchiamos de auga a treboada dos vermes.

### **Gloria**

Coñecina un outubro caendo do ceo coas ansias  
de mergullarse nun esófago baleiro,  
cantoume das sabas brancas aló enriba e dos aviadores  
que as fenderan aínda sen teren fame  
para almorzar,  
cantoume daquelas xentes que eu xa  
esquencera nos fíos dun soño sen soñar  
e cantoume dunha estrela que alumaba o mar.  
Coñecina e convertina en verso,  
(en dez cen mil versos)  
para que do impulso  
nos meus beizos vencese á presión atmosférica  
e retornase a nos asoballar o ceo.

Esquecina un día que lanzou un cravo á buraca e  
ficaron catro  
encordando as mans para que non volveran soar.

### **Credo**

Creo que teño un anxo, ou todos eles,  
alentando no teléfono, cilíndricos  
entre os cables, pequeniños pregándome  
silencio.

«Perderon os tempos a aurora do sangue, choran  
os pobres na espuma das prazas, berros de dor...»

Silencio! Chámanme dos emisarios as nais  
laiando que non atoparon o camiño de volta.  
Escurregáronseme na orella xunto cun querer esquecido  
nas entrañas da liña telefónica.

«Estraño ese medo ó baleiro pedindo, creo,  
cantar. E deixo que choren, escoito chorar...»  
Non poden poñerse agora,  
si... descolgados do ceo, canto o sinto  
colgando a chamada, pero aí teñen as páxinas amarelas  
na súa vixésimo terceira edición recollendo todas  
as escalas.

### **Sanctus**

Mais tamén coñecemos a manobra do turismo branco que  
descarga formol fronte á clínica de soidades.


*Lobectomías sen cita previa,  
boas tardes, pode pasar, e a Deus,  
moitas grazas, fago testemuña do meu  
branco sorriso de dente branco.*

E vai marchando nun laio de ruxerruxe e necesidade de mudar  
o aceite hoxe que aínda é cedo.

*Lobectomías con cita previa, na clínica  
só idades comprendidas entre os tres  
e os cen anos. E incomprendidas?  
Sala dous. Orde, por favor, orde.*

Vai berrando un tolo cun martelo sen cravo que a ver quen  
erixiu o húmido burato como santo sepulcro do pecado.

[...]



# TEATRO

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º premio compartido</b>	As Guapilongas
<b>2º premio compartido</b>	Sarabia Teatro
<b>3º premio compartido</b>	Teatro D'ó Carón
<b>Mención de honra</b>	Erantres

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Inmaculada López Silva

Artur Trillo Sendón

Antonio Vázquez Turnes

Belén Díaz Bouzas

### **Secretaria**

Carmen Pereiras Pérez



1º PREMIO

## As Guapilongas

Isolda Comesaña Alcaraz, Vigo, 2001

Paula Amelia Fontanella Poyato, La Habana (Cuba), 2002

María Fariñas Rodríguez, Vigo, 2001

Sandra Beiro Rodríguez, Pontevedra, 2001

*Prázdno* é unha peza de creación colectiva, realizada por Isolda Comesaña, María Fariñas (intérpretes), Sandra Beiro (dramaturga) e Amelia Poyato (iluminadora). Esta peza é unha viaxe arredor da identidade dende unha óptica íntima, feminina e feminista; unha desconfiguración da feminidade do hexemónico cara ao grotesco. Unha procura dentro de 4 paredes. *Prázdno* naceu a partir de facernos preguntas: Que queríamos ser antes de ser o que somos? Podemos fuxir do baleiro? Por que nos obsesiona a beleza? E a máis importante... Que fan as rapazas cando están soas? Pois na súa esencia, *Prázdno* é dúas rapazas soas no seu cuarto.

Isolda Comesaña Alcaraz

 @incertidume

María Fariñas Rodríguez

 @mariifarinhas

Sandra Beiro Rodríguez

 @mizz\_caos

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### Isolda Comesaña Alcaraz

2019-2023. Arte Dramática na especialidade de Interpretación Xestual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2023. Mestrado en Igualdade, Xénero e Educación pola Universidade de Santiago de Compostela

2023. Lyriqas Project

2023. Derrubo. Un monólogo sobre Camille Claudel

#### Paula Amelia Fontanella Poyato

2020-2023. Escenografía na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2023. Escenografía, Vestiario e Iluminación para *A testa da Bautista* para o Festival de Vilanova de Arousa

#### María Fariñas Rodríguez

2019-2023. Grao Superior en Arte Dramática, especialidade de Interpretación, na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2021-2022. Physical Theatre en Janáček Academy of Music and Performing Arts in Brno

2023. Teatro Laboratorio TNT- Atalaya

2018-2021. Actriz na compañía de Commedia D'ell arte "Indignati"

2020. Actriz na curtametraxe *O son da balea*, de Daniel Suárez Rubini

2022. Mestra de teatro

2023. Actriz Lyricas European Project Theater Residence

#### Sandra Beiro Rodríguez

2019-2023. Grao Superior en Dirección Escénica e Dramaturxia

*Prázdnó*





2º PREMIO

## Sarabia Teatro

Julia López Canay, A Coruña, 2001  
 Rubén Sotelo Crego, Cangas, 2001

Esta obra foi realizada como traballo de fin de estudos para a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Dende o primeiro momento queriamos facer algo íntimo e o texto de Gógol fascinounos polas posibilidades interpretativas que ofrecía. Esta obra é unha viaxe que o público fai co personaxe a través da súa vida e tamén da súa imaxinación.

Trátase dunha peza baseada no relato *Diario dun tolo* de Nikolai Gogol escrito no ano 1835. A proposta é unha revisión e adaptación do relato á época actual. A través dun código teatral realista e onde a palabra cobra o protagonismo, trátase de amosar a loucura como consecuencia dunha vida de estrés onde o capitalismo rexe o teu nivel de validez social e esclarece unha pregunta ética e esencial: Cal é a diferenza entre cometer un abuso, un asasinato... e imaxinalo? Quen é o tolo, o que o imaxina ou o que o fai?

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### Julia López Canay

2019–2023. Dirección Escénica e Dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

#### Rubén Sotelo Crego

2019–2023. Grao Superior en Arte Dramática, especialidade de Interpretación, na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia


2022. *Divinas Palabras* - Valle Inclán, coprodución pola escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Instituto Galego de Estudos Teatrais

2023. *Historias de aquí*, serie producida por Voz Audiovisual

2024 Project Lyriqas, coprodución teatral entre Galicia, Portugal e Grecia

*Diario dun tolo*





3º PREMIO

## Teatro D'o Carón

Pablo José Fernández Fernández, Lugo, 1997

Javier Sánchez Villamil, Salamanca, 1998

*Á fin, Hamlet* é un monólogo teatral interactivo co público que recolle as vivencias como actor profesional do personaxe principal, Guille, dende a súa formación ata o desenvolvemento da súa carreira como intérprete, no que se desvela o complicado da profesión e a súa precariedade, incidindo enormemente na figura dun mestre que o marcou profundamente polos malos tratos que exerceu persoal e profesionalmente sobre el, e como iso o levou a obsesionarse con interpretar un "Hamlet". Esta é unha peza cómico-satírica dirixida por Javier Villamil e interpretada por Pablo Fernández que está pensada para un número de espectadores baixo ou mediano, debido a que o público ten que estar preto do intérprete e pode adaptarse a calquera espazo, tanto bares como salas de exposicións ou teatros.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Pablo José Fernández Fernández**

2015–2019. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Santiago de Compostela

2019–2023. Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2020. Técnico de vídeo

2023. Editor de vídeo

#### **Javier Sánchez Villamil**

2019–2024. Dirección Escénica e Dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2024. Dirección escénica da compañía Teatro D'o Carón

*Á fin, Hamlet*





## MENCIÓN DE HONRA

## Eranteres

Alexandra Rodríguez Trillo, Arteixo, 1993

Denise Freire De Armas, São Paulo (O Brasil), 1979

Laura Albarellos Silva, Santiago, 2001

María Prado Velo, Ferrol, 2000

É unha peza que foi presentada como o noso traballo de fin de estudos na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Nel partimos das tres irmás de Antón Chéjov, recollendo a parálise e a irmandade, co cal, nesta peza reflectimos unha sociedade paralizada e post-apocalíptica pola destrución do propio. As irmás espertan en medio de todo iso, sometidas a este bucle paralizante e grazas ao apoio entre elas logran rememorar como chegaron ata aí e saír do bucle no que están sumidas. Polo tanto, convértense en axentes activos, deixan de queimarse e destruírse a si mesmas para queimar o que sobra e crear así unha sociedade nova.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

**Alexandra Rodríguez Trillo**

2019-2023. Interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2021. Figuración no espectáculo *Antígona* de Desván Producciones

2022. Animación no Samaín de Briz. Especialistas Hípica Celta

2022. Animación na pasaxe do terror de Ribadavia. Especialistas Hípica Celta

2022. Animación no festival El Row. Entretemento musical

2023. Profesora extraescolar de teatro en Educaocio

**Denise Freire De Armas**

2001-2005. Licenciatura en Belas Artes. Universidade do Estado de Santa Catarina, Florianópolis, O Brasil

2009-2011. Mestrado en Álbum Ilustrado e Animación Audiovisual. Facultade de Belas Artes de Pontevedra

2011. Prácticas en animación audiovisual, Editorial OQO

2018-2023. Grao Superior en Escenografía. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2021. Asistencia de iluminación e proxeccións, con Laura Iturralde. *A Lúa vai encuberta*, produción Incendiaria e Quinta do Cuadrante, dirección Tito Asorey

2021. Asistencia de iluminación, con Laura Iturralde. *Semente de Nós*, Sarabela Teatro

2023. Asistencia de iluminación, con Laura Iturralde. *Unha inimiga do pobo*, Talía Teatro

2023. Títeres e deseño de luces. *Mulleres e inspiración* coa Orquestra Sinfónica de Pontevedra

**Laura Albarellos Silva**

2019-2023. Grao en Interpretación pola Escola de Arte Dramática de Galicia

2022-2023. Especialistas Hípica Celta I Pontevedra, Galicia Animador

2021. Sarao Producción & Animación I Vigo, Galicia Animador

**María Prado Velo**

2019-2023. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

2021. Teatro de rúa no I Festival Ilustrado de Ferrol

2021. Teatro de rúa no festival As Meninas de Canido (Ferrol)

2021. Teatro de rúa coa Guagua Animacións. Rutas turísticas (Ares e Ouro)

*Tres mistos*





# VIDEOCREACIÓN

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º premio

Miguel López Rodríguez

### 2º premio

Bruno Ramos Domínguez e Cristina Varela Ugarte

### 3º premio

Mario Fernández Filloy

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Paco Freire Magariños

Anxos Fazáns Estévez


Pablo Comesaña Pérez

Pela del Álamo Herrera

Ignacio Vilar Díaz

### Secretaría

Noelia Conde Rodríguez



1º PREMIO

## Miguel López Rodríguez

Vigo, 2002


A través de vídeos caseiros do meu pai entre os anos 80 e 2000, constrúese o relato sobre un mozo que viaxa no tempo para visitar os seus antepasados e, dalgunha forma, superar a súa perda. No ámbito formal a experimentación é fundamental para a estética desexada, pois hai efectos de distorsión dixital e de impresión analóxica que modifican o material encontrado a modo de reflexión sobre a incapacidade de manter recordos nítidos. En definitiva, *Taquión* é unha curta sobre a busca e a superación dos problemas, botando unha ollada ao pasado para chegar ao futuro, todo envolto nunha estética retro de ciencia ficción.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-Actualidade. Comunicación Audiovisual, Universidade de Vigo
- 2022. Dirección do videocasete *Alyx de Wabii e Tunaboy*
- 2023. Dirección da curta *Solo*
- 2023. Director de fotografía no videocasete *Limbo de Yung Denso, West Srk e Sense*

*Taquión*






2º PREMIO

## Bruno Ramos Domínguez

A Coruña, 1997

## Cristina Varela Ugarte

A Coruña, 1997



Esta videocreación ten como tema principal o alzhéimer, unha enfermidade que padecen arredor de 70.500 persoas en Galicia e da que coñecemos moi pouco. En *O labirinto do esquecemento* queremos reflectir a perda da memoria, a confusión e o medo que traen consigo demencias coma o alzhéimer. Empregamos efectos na montaxe como calidoscopio, super8, foto antiga, correccións de cor e luz para conseguir a estética que buscábamos. Editamos manualmente as fotografías para facer desaparecer os rostros e as persoas que saen nelas e imprimímolos en formato Polaroid. O debuxo da casa e o retrato están feitos á man baseándose en fotografías da nosa familia. É un vídeo dedicado a todas as avoas, especialmente ás nosas, para crear conciencia sobre o alzhéimer e honrar as súas vidas, lembrando os momentos compartidos xuntos e transmitindo que en cada latexo sempre queda un chisco de esperanza.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Bruno Ramos Domínguez**


- 2016-2020. Comunicación Audiovisual, Universidade da Coruña
- 2021-2022. Mestrado en Márketing Dixital, Escola Superior de Enxeñeiros Comerciais
- 2019. Redacción e tratamento gráfico, CINFO Contenidos
- 2023. Especialista en comunicación, Delegación do Goberno en Galicia

#### **Cristina Varela Ugarte**

- 2015-2019. Comunicación Audiovisual, Universidade de Santiago de Compostela
- 2021. Consultora de comunicación en WekAb
- 2020-2022. Fotógrafa en Foto Cine Loly
- 2022-2023. Técnica de Márketing en Marquid Consulting
- 2023-Actualidade. Técnica de Márketing en Archivo 2000

*O labirinto do esquecimento*





3º PREMIO

## Mario Fernández Filloy


O Carballiño (Ourense), 2000

*Matador de peixes* xorde dun exercicio de captación de imaxes mariñas co teléfono móbil (principalmente de animais presentes nas rochas da praia) durante o cal apareceron, sen pretendelo, voces dos rapaces que intentaban atrapar peixes e cangrexos preto de onde eu realizaba as gravacións. Foi durante a visualización das imaxes onde esas voces (só unhas poucas utilizables por cuestións de calidade sonora) cobraron un sentido para min. Deime de conta de que os rapaces eran de fóra de Galicia e que cumprían cunha característica comunmente compartida por moitos deles: o descoñecemento da fauna mariña e o pouco respecto polo seu coidado. As voces recollidas confirmábanos. Decidín traballar, pois, as imaxes, os sons e as voces buscando a transmisión das ideas e sensacións que eu mesmo percibira durante a gravación e a visualización das imaxes, relacionadas, en certa maneira, coa inocente maldade infantil.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-2023. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Santiago de Compostela
- 2016-2019. Redactor e crítico de cinema no portal *Las cosas que nos hacen felices*. Enviado de prensa ao Festival de Cinema de San Sebastián no ano 2019
- 2019-2020-2021-2023. Director das curtametraxes *Delirios dunha planta*, *Lobo*, *Vulgaris* e *Illa Cordura*, respectivamente
- 2021-Actualidade. Organizador do festival-mostra de cinema Xornadas de Cine e Vídeo de Galicia
- 2022. Auxiliar de produción da curtametraxe, *Que mi voz suba a los montes*, de Gabriel Azorín, producida por Filmika Galaika
- 2022. Prácticas en realización audiovisual na Corporación Radio e Televisión de Galicia

## *Matador de peixes*













XUVENTUDE  
CREA 2023 2023